



**Datos Do Expediente:**

|                                |            |
|--------------------------------|------------|
| XUNTA DE GOBERNO LOCAL         |            |
| Unidade Tramitadora:           |            |
| Organos de Goberno e Central - |            |
| Número expediente:             | Documento: |
| AYT/XGL/7/2020                 | GOB14I032  |
| 490V1W403I2R53580SIE           |            |
|                                |            |

## ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE

|  |  |
|--|--|
| <p><b>SRES/AS ASISTENTES:</b></p> <p><b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b><br/>MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><b><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u></b><br/>D/D<sup>a</sup> GUILLERMO SANCHEZ FOJO<br/>D/D<sup>a</sup> MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ<br/>D/D<sup>a</sup> ROMAN ROMERO FRANCO<br/>D/D<sup>a</sup> MARIA DE LA MERCED TAIBO REY<br/>D/D<sup>a</sup> M.DEL MAR GOMEZ CASAL<br/>D/D<sup>a</sup> JOSE OREONA BRA<br/>D/D<sup>a</sup> JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b><br/>D/D<sup>a</sup> MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b><br/>D/D<sup>a</sup> ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p> | <p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vinte de febreiro de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p> |
|--|--|

### 1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

## **2 .- PROPOSTA DE SOLICITUDE SUBVENCION PARA A FINANCIACION DOS GASTOS DE PERSOAL DA OFICINA DE TURISMO DE FREIXEIRO 2020.-**

(...) O funcionario responsable de Turismo, en data 12/02/2020, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI14I03G que di:

|                          |  |
|--------------------------|--|
| <i>TIPO DE DOCUMENTO</i> | <i>Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local</i>  |
| <i>EXPEDIENTE</i>        | <i>ASI/18/2020: Subvención para a financiación dos gastos de persoal da Oficina de Turismo de Freixeiro 2020</i> |
| <i>DESTINATARIO</i>      | <i>Alcaldía / Servizos Económicos</i>  |
| <i>ASUNTO</i>            | <i>Solicitud de subvención</i>   |

No BOP nº. 13, do 21 de xaneiro de 2020, publicáronse as bases específicas reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2020, complementadas coa publicación no BOP nº. 20, do 30 de xaneiro de 2020, do extracto da convocatoria dese mesmo programa.

A efectos de acollerse a dita convocatoria, o Departamento de RRHH emitiu un informe (código PER14I0B7) de custos do persoal encargado de prestar o servizo, en réxime de persoal laboral do grupo III e entre xuño e setembro, ambos incluídos:

- Dúas persoas, cada unha delas ao 72% da xornada (27 h. semanais).

Á vista do informe emitido, resulta un custo total de 18.088,10 €.

Resultan de aplicación, para solicitar a subvención, os seguintes

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

- Resolucións da Alcaldía, do 25 de xuño de 2019, sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Nesta resolución, a Alcaldía-Presidencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2020. Concretamente a base 52, apartado 2, sinala que as solicitudes de subvencións ou propostas de achega a outros organismos ou institucións que se sometan á aprobación da Xunta de Goberno Local deberán ir acompañadas dun plan de financiamento con indicación das cantidades correspondentes, no seu caso, á achega do Concello e das aplicacións orzamentarias de procedencia. A tal efecto, quen subscribe elaborou o plan de financiamento adxunto de código ASI14I03F. Logo da publicación da concesión definitiva da subvención, procederá a xeración do importe concedido nas aplicacións orzamentarias sinaladas en dito plan.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte



## PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Aprobar o seguinte plan de financiamento provisional (que aquí se amosa resumido) para a “Subvención para a financiación dos gastos de persoal da Oficina de Turismo de Freixeiro 2020”, de acordo co establecido no informe adxunto de código ASI14I03F e que aquí se amosa resumido:

| Proxecto              | Financiación dos gastos de persoal da Oficina de Turismo de Freixeiro 2020 |
|-----------------------|--|
| Importe total         | 18.088,10 €  |
| Financiamento externo | 18.088,10 €  |
| Achega municipal      | -  |

**SEGUNDO:** Solicitar da Excm. Deputación da Coruña a Subvención para a financiación dos gastos de persoal da Oficina de Turismo de Freixeiro 2020, por importe de 18.088,10 €.

“

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código **ICO14I00G**, esta Alcaldesa propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

### **3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PRÓRROGA DE ALUGUER DUN BAIXO SITO NA RÚA CARDENAL CISNEROS,**

#### **DESTINADO A LUDOTECA.-** (...) Visto o informe proposta emitido pola Xefe de Sección de RR.HH. e Patrimonio, que literalmente transcrito di:

“De conformidade co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais a tal respecto se formula o seguinte INFORME-PROPOSTA

#### **A) ANTECEDENTES**

Visto o contrato formalizado con Dna. Victorina \*\*\*\*dos P\*\*\*, (...), para aluguer dun baixo sito na Rúa Cardenal Cisneros, 2, destinado a ludoteca.

Visto que en data 16/10/14 acordouse formalizar o contrato de aluguer polo tempo de 5 anos, dende o 1 de novembro de 2014

Visto que o citado aluguer rematou o 31/10/19, solicítase a Cocelleira Delegada de Igualdade que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO**.- Formalizar a prórroga do aluguer do baixo propiedade de Dna. Victorina \*\*\*\*dos P\*\*\*, (...), dende o 01 de novembro de 2019, polo tempo de 1 ano, ou polo tempo que siga en funcionamento a ludoteca ubicada en dito local, caso de ser o tempo inferior, cunha renda de 699,05 euros/mes (base imponible 577,73 euros/mes), con cargo á partida 3260 20200 do presuposto do 2020, con suxeción as seguintes condicións:

- O pago das mensualidades será por meses vencidos.
- O Concello de Narón suscribirá unha póliza de seguro de responsabilidade civil e por sinistros pola súa conta.

**SEGUNDO**.- Autorizar e dispoñer o gasto da cantidade de 699,05 euros, polo aluguer sito na Rúa Cardenal Cisneros, 2, dende o 1 de novembro de 2019 ata 30 de novembro de 2019, con

cargo a aplicación orzamentaria 3260/20200 a nome de Dna. Victorina \*\*\*\*dos P\*\*\*, (...), **TERCEIRO**.-Autorizar e dispoñer o gasto da cantidade 7.689,55 euros, polo aluguer do local sito na Rúa Cardenal Cisneros, 2, dende o 1 de decembro de 2019 ata o 31 de outubro de 2020 con cargo á aplicación orzamentaria 3260 20200 do presuposto do ano 2020 a nome de Dna. Victorina \*\*\*\*dos P\*\*\*, (...),

**CUARTO**.- Dar conta ós servizos económicos do concello ós efectos oportunos.

Intervido en data 12.02.2020, documento IGA14I01K, o concelleiro delegado pola alcaldía para asuntos de patrimonio, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aproba-la proposta transcrita nos seus propios termos.

**VOTACIÓN E ACORDO**.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 **PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PRÓRROGA DE ALUGUER DUN BAIXO SITO NA ESTRADA DO TRECE, DESTINADO A ACTIVIDADES CULTURALS**.-



Visto o informe proposta emitido pola Xefe de Sección de RR.HH. e Patrimonio, que literalmente transcrito di: “*De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, a tal respecto se formula o seguinte informe proposta*

## **ANTECEDENTES**

*Visto o contrato formalizado con Dna. Consuelo F\*\*\*\*ez P\*\*\*\*, (...) para aluguer dun baixo sito na Estrada do Trece nº13, destinado a actividades culturais.*

*Visto que en data 7/2/13 acordouse formalizar o contrato de aluguer polo tempo de 5 anos, dende o 1/1/13, e que o 7/12/13 a Xunta de Goberno aproba un engadido ao contrato para incluír o incremento anual do IPC*

*A xunta de Goberno en data 15/03/19, aproba a prórroga do citado contrato polo tempo dun ano máis (dende 1 xaneiro de 2019).*

*Visto que o citado aluguer remata o 31/12/19, solicítase a Concelleira Delegada de Igualdade que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

**PRIMEIRO.**- *Formalizar a prórroga do contrato de aluguer do baixo propiedade de dende o 1 de xaneiro de 2020, polo tempo de 1 ano, ou polo tempo en que siga en funcionamento a Asociación ubicada en dito local, caso de ser o tempo inferior, cunha renda de 501,67 euros (base imponible (414,60 euros), con cargo á partida 2311 20200 do presuposto do 2020, con suxeción as seguintes condicións:*

- O pago das mensualidades será por meses vencidos.*
- O Concello de Narón suscribirá unha póliza de seguro de responsabilidade civil e por sinistros pola súa conta.*

**SEGUNDO.**- *Autorizar e dispoñer o gasto da cantidade de 5518,37€, polo aluguer do local sito na Estrada do Trece-Ferrerías, dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 30 de novembro de 2020, con cargo a aplicación orzamentaria 2311/20200 do presuposto de 2020, a nome de **TERCEIRO.**-Autorizar e dispoñer o gasto da cantidade 501,67€, polo aluguer do local sito na Estrada do Trece-Ferrerías, correspondente ao mes de decembro de 2020 con cargo a aplicación orzamentaria 2311/20200 do presuposto do ano 2021 a nome de*

**CUARTO.-** *Dar conta ós servizos económicos do concello ós efectos oportunos.”*

Informado por intervención de fondos en data 12.02.2020, documento IGA14I01T, o concelleiro delegado pola alcaldía para asuntos de patrimonio, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aproba-la proposta transcrita nos seus propios termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

## **5 .- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN SETEMBRO-DECEMBRO 2019, DO BONO BUS UNIVERSITARIO COA UNIVERSIDADE DA CORUÑA. CURSO ACADÉMICO 2019-2020.-**

### **“INFORME – PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO PARA A CONCELLEIRA DELEGADA DE COOPERACIÓN NO ENSINO E BIBLIOTECAS**

**ASUNTO:** Liquidación coa Universidade de A Coruña en materia de axudas para transporte universitario do período **setembro-décembro 2019**. Curso académico 2019 – 2020.

#### **ANTECEDENTES:**

O convenio de colaboración asinado o 09/11/2018 entre a Universidade de A Coruña e o Concello de Narón, para o transporte de veciños/as de Narón aos Centros da Universidade da Coruña, no Campus de A Coruña, en vigor para o curso 2019-2020, establece na cláusula 8ª que se fará unha primeira liquidación polo período setembro-décembro do Curso Académico obxecto do convenio.

A Universidade de A Coruña fará o ingreso ao Concello de Narón do 30% do custe total dos billetes anticipados polo Concello de Narón á empresa concesionaria.

A prestación do servizo de transporte universitario foi adxudicada á empresa ARRIVA GALICIA, S.L.U., mediante Resolución da Alcaldía de data 07/11/2019 (**doc.ENS13I0GK**) prestando o servizo aos beneficiarios polo período de setembro a decembro de 2019.

De acordo co anterior, e o sistema de pagos e liquidacións para o aboamento das axudas, establecido na cláusula 8ª do convenio, procede facer a primeira liquidación coa Universidade de A Coruña das bonificacións e facturacións correspondentes ao período setembro a decembro de 2019 do Curso Académico 2019-2020.

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS :**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común nas Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto 430/2019, de 12 de xullo, polo que se establecen os umbrais de renda e patrimonio familiar e as contías das becas e axudas ao estudio para o curso 2019-2020.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións(LXS).
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións(RDXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Narón.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais.
- Bases da convocatoria
- Convenio de colaboración entre a Universidade de A Coruña e o Concello de Narón.
- Bases de execución do orzamento en vigor.

Realizada a prestación do servizo de transporte universitario pola empresa ARRIVA GALICIA, S.L.U, e visto que en data 15 de xaneiro de 2020 foi realizado por este Concello o pago das facturas presentadas por dita empresa polo período setembro-décembro de 2019, de conformidade coa **cláusula 8ª** do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Narón e a Universidade de A Coruña, esta Xefatura do Servizo Sociocomunitario propón á Concelleira Delegada de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (segundo Resolución da Alcaldía de 25/06/2019), eleve **PROPOSTA** á Xunta de Goberno Local, para a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a liquidación á Universidade de A Coruña da facturación por transporte universitario correspondente ao período **setembro-décembro 2019**, do Curso Académico 2019-2020, segundo as facturas emitidas por ARRIVA GALICIA, S.L.U. e as porcentaxes conveniadas que se indican na proposta

(...)

| <b>CUSTE TOTAL<br/>DO SERVIZO<br/>(100%)</b> | <b>IMPORTE DO 50%<br/>DO ALUMNADO<br/>BECADO</b> | <b>IMPORTE DO 20% DO<br/>CONCELLO DE<br/>NARÓN</b> | <b>IMPORTE DO 30% DA<br/>UNIVERSIDADE DA<br/>CORUÑA</b> |
|--|--|--|---|
| <b>9.702,80€</b>                             | <b>4.851,40€</b>                                 | <b>1.940,56€</b>                                   | <b>2.910,84€</b>  |





A cantidade total facturada ao Concello de Narón por ARRIVA GALICIA, S.L.U. é pois de **4.851,40€** da que lle corresponde aboar á Universidade de A Coruña **2.910,84 (30%** do prezo total das viaxes), cantidade esta que foi aboada anticipadamente polo Concello de Narón, e que a Universidade de A Coruña debe aboar ao Concello. A restante cantidade do custe do billete, o 50% (**4.851,40€**) é aboada polos/as alumnos/as á entidade ARRIVA GALICIA, S.L.U. no momento da retirada dos bonos, correspondendo ao Concello de Narón o 20% restante, por importe de **1.940,56€**.

2.- A Universidade da Coruña deberá realizar o ingreso desta liquidación, **2.910,84€**, nas arcas municipais no prazo de tres meses, contados a partir da notificación do acordo de aprobación da liquidación, tal e como se recolle na propia cláusula 8ª do citado convenio.”

E unha vez tomada razón do informe transcrito pola Intervención municipal con data 10-02-2020 (ICO14I00B), quen subscribe, Concelleira de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (delegada por Resolución da Alcaldía de data 25/06/2019), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

## **6.- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE RISCO E EXCLUSIÓN SOCIAL PARA O ANO 2020.-**

(...)Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“**ANTECEDENTES**

*No DOG nº18, do 28 de xaneiro de 2020, publicouse a Orde do 20 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a convocatoria para o ano 2020.*

*O obxecto específico desta convocatoria é proporcionarlles a estas persoas a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.*

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

- *Bases de execución do Orzamento municipal en vigor.*
- *Art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*
- *Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- *RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais*
- *RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, Xeral de subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*
  - *Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, artigos 10.2 e 83.*
  - *Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, artigos 23 e 27.*
- *Orde do 20 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco*

de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a convocatoria para o ano 2020.

Á vista do exposto, quen subscribe, Xefa do servizo Sociocomunitario municipal, propón á Concelleira Delegada de Acción Social para que, previa a fiscalización da Intervención municipal, propoña á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMERO:** Solicitar, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a subvención para a contratación de persoas desempregadas, nos termos expresados na orde de data 20 de decembro que regula a convocatoria para o ano 2020, cos seguintes datos:

| CATEGORÍA       | Nº TRABALLADORES |
|-----------------|------------------|
| Peón (GC 09)    | 8                |
| Capataz (GC 05) | 1                |

**SEGUNDO:** Aprobar o proxecto de obra ou servizo denominado “Programa de mantemento e limpeza do Patrimonio Público de Narón”.

**TERCEIRO:** Aprobar o seguinte cadro de financiamento para o proxecto antedito:

| CONCEPTO                        | DURACIÓN E XORNADA | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE (€)     |                   | IMPORTE TOTAL     |
|---------------------------------|--------------------|-------------------------|-----------------|-------------------|-------------------|
|                                 |                    |                         | CONCELLO        | XUNTA             |                   |
| Salario GC 9<br>8 traballador   | 9 meses<br>75%     | 4530/13100              | 0,00            | 90.886,32€        | 90.886,32€        |
| SS GC 9<br>8 traballador        | 9 meses<br>75%     | 4530/16000              | 0,00            | 29.765,52€        | 29.765,52€        |
| Salario GC 5<br>1 traballador   | 9 meses<br>75%     | 4530/13100              | 0,00            | 14.195,70€        | 14.195,70€        |
| SS GC 5<br>1 traballador        | 9 meses<br>75%     | 4530/16000              | 0,00            | 4.649,13€         | 4.649,13€         |
| Indemización 9<br>traballadores | 9 meses<br>75%     | 4530/13100              | 3.366,35€*      | 0,00              | 3.366,35€         |
| Publicidade                     |                    | 2312/22602              | 150,00€         | 0,00€             | 150,00€           |
| Vestuario                       |                    | 4590/22104              | 2.300,00€       | 0,00€             | 2.300,00€         |
| <b>TOTAL</b>                    |                    |                         | <b>5.816,35</b> | <b>139.496,67</b> | <b>145.313,02</b> |

\*O importe marcado cun asterisco corresponde a cantidade pertencente á indemnización prevista no artigo 49.1.c do Estatuto dos traballadores, que para os efectos desta subvención non se consideran custos salariais subvencionables, segundo o establecido no artigo 4.3 da Orde do 20 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) no ano 2020.



*CUARTO: As aplicacións orzamentarias que se detallan a continuación requiren previa transferencia do seguinte xeito:*

| <i>Aplicación orzamentaria orixe</i> | <i>Aplicación orzamentaria destino</i> | <i>Crédito necesario</i> |
|--------------------------------------|--|--------------------------|
| 9200/14300                           | 4530/13100                             | 3.366,35€                |

*QUINTO: O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria sinalada.*

*SEXTO: Designar a Alcaldesa, Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para as relación co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo."*

E unha vez fiscalizado coa toma de razón, cos documentos contables RC para transferencia: 220200000871 (quedando condicionada a efectividade do crédito para tal fin á tramitación do correspondente expediente de modificación de crédito: transferencia de crédito) e RC 220200000872, o informe transcrito pola Intervención municipal con data 13/02/2020 (ICO14I00H) EXP SSO/42/2020, quen subscribe, Concelleira de Acción Social (delegada por Resolución da Alcaldía de data 25/06/2019), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**7 .- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA DURANTE O ANO 2020.-** (...) Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

*"ASUNTO: Solicitud de subvención á Consellería de Cultura e Turismo para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na rede de bibliotecas públicas de Galicia durante o ano 2020.*

*A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:*

**ANTECEDENTES:**

*A Consellería de Cultura e Turismo no DOG nº 27 de 10/02/2020 publica a orde de 7 de xaneiro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, e se convoca para o ano 2020.*

*Co obxecto de poder optar ao financiamento da convocatoria referenciada no parágrafo anterior, o Servizo Sociocomunitario Municipal redacta unha memoria de actividades para participar no programa de dinamización da lectura promovido pola Consellería de Cultura "Leer conta Moito 2020".*

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

*-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*

*-Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*

*-Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*

- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.
- Orde de 7 de xaneiro de 2020 da Consellería de Cultura e Turismo, publicada no dog nº 27 de 10/02/2020.

**POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELLEIRA DELEGADA EN MATERIA DE COOPERACIÓN NO ENSINO E BIBLIOTECAS, PARA QUE ELEVE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTE PROPOSTAS:**

1º.- Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Cultura e Turismo, para participar no programa de dinamización da lectura “Leer Conta moito 2020”, ao abeiro da convocatoria publicada no dog nº27 de 10/02/2020 a través da orde do 07/01/2020, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia, para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se convoca para o ano 2020, de acordo co seguinte desglose establecido na memoria de actividades elaborada para esta convocatoria polo Servizo Sociocomunitario Municipal :

|  |  |           |
|--|--|-----------|
| Importe do proxecto  |  | 1.500,00€ |
| Achega do Concello para o exercicio 2020<br>Aplicación 3321 /22799 |  | 375,00 €  |
| Subvención solicitada á Consellería de Cultura e Turismo           |  | 1.125,00€ |

2º.- O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 3321 /22799

3º.- Nomear a Dona Marian Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta, representante para as relación desta entidade coa Consellería de Cultura e Turismo no refente a esta solicitude de subvención.”

E unha vez fiscalizado coa toma de razón o informe transcrito pola Intervención municipal con data 13/02/2020 (ICO14I00I), quen subscribe, Concelleira de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (delegada por Resolución da Alcaldía de data 25/06/2019), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**8 .- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO PARA A DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO E MELLORA DAS COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS CON DESTINO ÁS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS NO ANO 2020.-** (...) Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

**“INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL**

**ASUNTO:** Solicitude de subvención á Consellería de Cultura e Turismo para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino ás Bibliotecas ou axencias de Lectura Públicas de Titularidade Municipal no ano 2020

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

**ANTECEDENTES:**



A Consellería de Cultura e Turismo no DOG nº 27 de 10/02/2020 publica a orde de 8 de xaneiro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020.

Co obxecto de solicitar os dous programas subvencionables que regula a orde; Programa A.(Subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico); Programa B.(Subvencións para a mellora das coleccións bibliográficas), o Servizo Sociocomunitario Municipal elabora dúas memorias.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.
- Orde de 8 de xaneiro de 2020, publicado no Dog nº 27 de 10 de febreiro de 2020 da Consellería de Cultura e Turismo.

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELEIRA DELEGADA EN MATERIA DE COOPERACIÓN NO ENSINO E BIBLIOTECAS, PARA QUE ELEVE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTE PROPOSTAS:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención a Consellería de Cultura e Turismo, para os dous programas: A) Subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, B) Subvencións para a mellora de coleccións Bibliográficas, ao abeiro da orde de 8 de xaneiro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino ás bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se convocan para o ano 2020, de acordó co seguinte desglose:

|   |      |            |
|---|------|------------|
| Importe total dos dous programas :  |      |            |
| Programa A: Dotación de novidades editoriais en galego en formato físico. |      | 3.000,00€  |
| Programa B: Mellora de coleccións Bibliográficas.                         |      | 4.000,00€  |
| Achega do Concello para o exercicio 2020                                  |      | 0,00 €     |
| Subvención solicitada á Consellería de Cultura e Turismo                  | 100% | 7.000.00 € |

2º.- O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 3321 62900

3º.- Nomear a Dona Marian Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta, representante para as relación desta entidade coa Consellería de Cultura e Turismo no referente a esta solicitude de subvención."

E unha vez fiscalizado coa toma de razón o informe transcrito pola Intervención municipal con data 12/02/2020 (ICO14I00D), quen subscribe, Concelleira de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (delegada por Resolución da Alcaldía de data 25/06/2019), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**9 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA QUE APROBA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL NO EXERCIZO 2020 .-**Dase conta da seguinte resolución da Alcaldía : **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“ASUNTO: Solicitud de subvención a Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

**ANTECEDENTES:**

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, publica no DOG nº 14 de 22 de xaneiro de 2020, a orde de 17 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020.

Visto que se reúnen os requisitos establecidos no artigo 2 da orde para ser beneficiario, e tendo en conta que o artigo 4 establece que “a contía máxima da subvención que se concederá con carácter xeral será de 25.000,00€ por cada persoa técnica de orientación laboral contratada a tempo completo por un período de 12 meses, tomando como referencia os custos de contratación totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social”.

Co obxecto de solicitar a subvención referenciada, así como o período de contratación (1 de febreiro de 2020 a 31 de xaneiro de 2021), o Servizo Sociocomunitario elabora o “proxecto memoria do programa de actividades de orientación laboral exercicio 2020”, co seguinte cadro de Financiamento:

|   |           |            |           |  |
|---|-----------|------------|-----------|--|
| Importe total do proxecto   |           | 42.191,80€ |           |  |
| Subvención solicitada a Consellería de Economía, Emprego e Industria      |           | 25.000,00€ |           |  |
| Achega Municipal  |           | 17.191,80€ |           |  |
| ACHEGA MUNICIPAL- PERÍODO DE PRÓRROGA DO CONTRATO 01-02-2020 A 31-01-2021 |           |            |           |  |
| APLICACIÓN ECONÓMICA  | 2020      | 2021       | TOTAL     |  |
| 2410/13100  | 12.098,00 | 984,09     | 13.082,09 |  |
| 2410/16000  | 3.800,69  | 309,02     | 4.109,71  |  |
| Total   | 15.898,69 | 1.293,11   | 17.191,80 |  |

Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para a aprobar solicitudes de subvencións a outras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, e os

prazos establecidos para a súa tramitación imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente por existir data límite de presentación da solicitude.

Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: “1. Los órganos superiores podrán avocar para si el conocimiento de uno o varios asuntos cuya resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índoles técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (...) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedemento (...).

En aplicación do anterior, corresponde ao Alcalde a avocación da delegación para a aprobación da solicitude de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Orde de 17 de decembro de 2019, publicada no DOG nº 14 de 22 de xaneiro de 2020.
- Bases de execución do orzamento en vigor.

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, PROPON A ALCALDÍA QUE RESOLVA:



1º.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para Solicitar a subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020.

2º.- Aprobar unha solicitude de subvención por importe 25.000,00€, á Consellería de de Economía, Emprego e Industria, para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020, ao abeiro da convocatoria publicada no DOG nº 14 de 22 de xaneiro de 2020 (orde de 17 de decembro 2019), pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020.

3º.- A Achega do concello financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias 2410/13100 e 2410/16000, tal como queda reflexado nos cadros de financiamento anteriores.

4º.- O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria sinalada.

5º.- Nomear a Marián Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta, representante para as relación desta entidade coa Consellería de Economía, Emprego e Industria no referente a esta solicitude de subvención.

6º Dar conta da resolución á Xunta de Goberno Local.”

E unha vez tomada razón pola Intervención municipal en data 13/02/2020, documento (ICO14I00F) do EXP EMP/02/2020, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

**10 .- PROPOSTA DE SOLICITUDE DA ACREDITACIÓN/INSCRIPCIÓN DAS ESPECIALIDADES FORMATIVAS "SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS" E " SOCORRISMO EN ESPACIOS ACUÁTICOS NATURAIS" DE ACORDO CO DISPOSTO NO DECRETO 106/2011, DO 19 DE MAIO POLO QUE SE CREA O REXISTRO DE CENTROS E ENTIDADES DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR.-** (...) O SPEIS de Narón,

con motivo da realización dos cursos de “Socorrismo en instalacións acuáticas” e “Socorrismo en espazos acuáticos naturais”, ten previsto solicitar a acreditación/inscripción de ditas especialidades formativas de acordo co disposto no Decreto 106/2011, do 19 de maio, polo que se crea o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar e se regula o procedemento para a inscrición, e, se é o caso, acreditación dos centros e entidades que impartan formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

- Habilitar diversos espazos e instalacións municipais có obxectivo de poder impartir a formación necesaria para o exercizo profesional e laboral vinculado á actividade de socorrismo debido aos condicionantes naturais reinantes na zona de influencia (área ferrolterra) e que segundo as directrices da Consellería de Economía, Emprego e Industria nestes momentos son os requisitos básicos para impartir a formación de socorrismo.
- Impartir a formación necesaria para acadar a titulación directamente relacionada cunha actividade profesional.

Para dar efectividade ao sinalado, compre a aprobación da Xunta de Goberno Local, o cal é obxecto desta proposta.

Polo anteriormente exposto, esta Alcaldesa propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte



## **ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a solicitude de acreditación/inscrición das especialidades formativas de “Socorrismo en instalacións acuáticas” e “Socorrismo en espacios acuáticos naturais” de acordo co disposto no Decreto 106/2011, do 19 de maio, polo que se crea o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar e se regula o procedemento para a inscrición, e, se é o caso, acreditación dos centros e entidades que impartan formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

**SEGUNDO:** Dar conta á Consellería de Economía, Emprego e Industria a efectos oportunos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

### **11 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRON FISCAL DAS TAXAS POLA INSCRICION NOS CURSOS E ACTIVIDADES DAS INSTALACIONES DO MES DE FEBREIRO DE 2020 E RENOVACION DO BONO FAMILIAR.- (...)**

Á vista do informe-proposta do Servizo de Deportes no que se propón a aprobación do padrón fiscal das taxas pola inscrición nos cursos e actividades das instalacións deportivas do mes de febreiro de 2020 e renovación do abonado familiar e do informe favorable do xefe do servizo de Intervención e Facenda, de conformidade co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, fórmulase a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local:

**PRIMEIRO:** Aprobar o padrón fiscal das taxas pola inscrición nos cursos e actividades das instalacións deportivas do mes de febreiro de 2020 e renovación do Abonado familiar, cun importe de 33.616,79€ € e 1.639 contribuíntes.

**SEGUNDO:** O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá desde o 05/03/2020 ata o 05/05/2020, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederá a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

**TERCEIRO:** Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a alcaldía.

**CUARTO:** Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

**QUINTO:** Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes o día 05/03/2020.





**SEXTO:** Os recibos non domiciliados poderán ingresarse en calquera oficina das entidades bancarias colaboradoras (Abanca, Banco Santander, Banco Sabadell e Caixabank) empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado polo contribuínte por correo ordinario. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>.

No caso de non recibir no seu domicilio, ou de perda, do devandito instrumento o obrigado ao pagamento poderá obter un duplicado na Tesourería do Concello de Narón, planta 4ª do Concello, ata o 04/05/2020, e efectuar o pagamento nos prazos antes indicados, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento e non impide a utilización da vía de constrinximento.

**Días de ingreso:** días hábiles nos horarios de caixa establecidos polas entidades colaboradoras para o pagamento dos recibos non domiciliados. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>.

Ademais, os contribuíntes que sexan clientes das entidades financeiras colaboradoras do Concello poderán (as 24 horas do día) efectuar o pago accedendo á banca electrónica desa entidade financeira.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**12 .- PROPOSTA DE APROBACION DO PADRON FISCAL DAS TAXAS POLA UTILIZACION DAS INSTALACIONES DEPORTIVAS DO MES DE DECEMBRO DE 2019.-** (...) Á vista do informe-proposta do Servizo de Deportes, no que se propón a aprobación do padrón fiscal da taxa pola utilización de instalacións deportivas, do mes de decembro de 2019, e do informe favorable do Servizo de Intervención e Facenda, de conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formúlase a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local:

**Primeiro:** Aprobar o padrón fiscal correspondente ao mes de **decembro** de 2019, das taxas pola utilización das instalacións deportivas, por importe de **7.030,86 € e 54 recibos**.

**Segundo:** De acordo co disposto no artigo 75 da Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección, os padróns serán expostos ao público durante un prazo de 15 DÍAS, que se contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP. O anuncio de publicación ten os efectos de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá dende o 05/03/2020 ata o 05/05/2020, ámbolos dous inclusive.

Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

**Terceiro:** Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinar os padróns e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía.

**Cuarto:** Finalizado o prazo de exposición pública os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no

PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das FLL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

**Quinto:** Os recibos correspondentes a estas cobranzas que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes o día 05/03/2020.

**Sexto:** Os recibos non domiciliados poderán ingresarse en calquera oficina das entidades bancarias colaboradoras (Abanca, Banco Santander, Banco Sabadell e Caixabank) empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado polo contribuínte por correo ordinario. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>.

No caso de non recibir no seu domicilio, ou de perda, do devandito instrumento o obrigado ao pagamento poderá obter un duplicado na Tesourería do Concello de Narón, planta 4ª do Concello, ata o 04/05/2020, e efectuar o pagamento nos prazos antes indicados, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento e non impide a utilización da vía de constrinximento.

**Días de ingreso:** días hábiles nos horarios de caixa establecidos polas entidades colaboradoras para o pagamento dos recibos non domiciliados. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>.

Ademais, os contribuíntes que sexan clientes das entidades financeiras colaboradoras do Concello poderán (as 24 horas do día) efectuar o pago accedendo á banca electrónica desa entidade financeira.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

### **13º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

V. e pr.

A ALCALDESA-PRESIDENTA



Asdo.- MARIAN FERREIRO DÍAZ

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI